



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022

ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALIN II"

Nas dependencias da Oficina de Emprego de Lalín, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo, sendo as 14:00 horas do día 08 de novembro de 2019, reúnense:

En representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo:

María Josefa Fernández González, actuando en calidade de presidenta deste grupo de traballo mixto.

Pilar Alvarez Blanco

En representación do Concello de Lalín:

María Pérez Seoane
Román Pérez García

Faise constar que todos os presentes teñen voz e voto e que a presidenta ten voto de calidade.

A finalidade desta sesión é a aprobación das listas definitivas dos candidatos preseleccionados para as prazas de persoal directivo e docente do proxecto promovido polo citado concello.

Valorados os currículos presentados, o grupo de traballo mixto, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación das listas definitivas dos candidatos preseleccionados.

Segundo.- Publicar os referidos listados nos taboleiros de anuncios do concello, da correspondente oficina de emprego e do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo.

Terceiro.- Convocar, os candidatos admitidos ao proceso de selección, á fase de entrevista persoal, segundo o previsto na base 9 do proceso de selección.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as catorce trinta horas do día antes indicado, asinando os asistentes a presente acta, por duplicado exemplar, en proba de conformidade.



Xacobeo 2021



galicia